

exercicio os/as aspirantes que obtiveron un mínimo de 10 puntos na segunda proba, fixándose en 30 o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na citada base da convocatoria.

Sexto.-Realizar os trámites oportunos para publicar as puntuacións obtidas polos/polas aspirantes que se presentaron ao segundo exercicio do proceso selectivo para o ingreso na quenda de promoción interna, no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención á Cidadanía da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Sétimo.-Que de acordo co disposto na base II.1.1.2 da orde da convocatoria, os/as aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coas puntuacións no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Os/as aspirantes que superaron o segundo exercicio, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para presentar o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de perfeccionamento de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo), para os efectos da exención prevista no terceiro exercicio. Esta documentación presentárase nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irá dirixida á Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano. Santiago de Compostela).

Este prazo empezará a contar desde o día seguinte ao da publicación no DOG desta resolución.

En todo caso, na dita documentación xustificativa deberá constar que o aspirante posuía o curso de que se trate no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2010.

José Antonio Redondo López
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 18 de maio de 2010 pola que se aproban as bases do concurso público para adxudicación dunha praza de profesor/a de lingua e literatura galegas no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido).

Advertido un erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 97, do martes 25 de maio de 2010, cómpre efectuar a seguinte modificación:

Na páxina 9.301, anexo I, base terceira, punto 3, onde di: «-Nomeamentos e/ou certificacións do director do centro ou centros que acrediten que impartiu a materia de lingua e literatura galegas como mínimo durante tres anos»; debe dicir: «-Nomeamentos e/ou certificacións do director do centro ou centros que acrediten que impartiu a materia de lingua e literatura galegas como mínimo durante dous anos».

Resolución do 27 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se nomean as comisións de elaboración de informes substitutivos do exercicio B.2 previstas nas ordes do 11 e 16 de marzo de 2010, polas que se convocan procedementos selectivos para ingreso no corpo de mestres e de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional, así como o procedemento de adquisición de novas especialidades.

Nas ordes do 11 e 16 de marzo de 2010, polas que se convocan procedementos selectivos para ingreso no corpo de mestres e de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional, así como o procedemento de adquisición de novas especialidades, establécese que a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos nomeará as comisións provinciais para a elaboración do informe substitutivo do exercicio B.2 previsto no punto 9.5.

Na súa virtude, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPÓN:

Nomear as comisións provinciais de elaboración de informe substitutivo do exercicio B.2 previsto no punto 9.5 das referidas ordes de convocatoria:

-A Coruña:

Presidente: José Antonio Gay García.

Secretario: Manuel Guerra Fernández.
 Rosa Gómez Díaz.
 Luis Framil Álvarez.
 Francisco Pérez Rivas.
 Manuel Abeledo López.
 María Porto Vázquez.
 Celso Currás Fernández.
 Rodrigo Porral Mato.
 Manuel Reboredo Lavín.
 Constantino Freire Llamas.
 Concepción Otero Vázquez.
 Emiliano Rivero Bandera.
 Emilio Cubera Pereira.
 Josefa Peña Vázquez.
 Elena Menéndez Martín.
 M^a Asunción Fernández-Albor Baltar.
 Isabel Serna Masiá.
 Fermín Álvarez Lata.
 Eduardo Fernández Ares.
 Magdalena Duarte Blanco.
 -Lugo:
 Presidenta: Concepción Aramburu Sánchez.
 Secretario: Pedro Gómez Álvarez.
 Manuela López Besteiro.
 José Daniel Núñez Segade.
 Luis Manuel Álvarez Martínez.
 -Ourense:
 Presidente: José Fisteos Suengas.
 Secretario: José Antonio Granja González.
 Daniel Barata Quintas.
 Delfín Caseiro Nogueiras.
 Olga Gómez González.
 Samuel Lago Fernández.
 -Pontevedra:
 Presidente: Manuel Torres Vizcaya.
 Secretario: Elisa Isabel Amoedo Barciela.
 M^a Adoración de la Fuente Fernández.
 Gonzalo Fernández Fernández.
 Gerardo Fentanes Rodríguez.
 Margarita García Lobato.
 Maximino García Rubio.

Antonio Gómez Albo.

Javier González Rajo.

Paz Lamela Vilariño.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
 Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 27 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se nomean os tribunais que deberán xulgar as probas do proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como o procedemento de adquisición de novas especialidades, polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Orde do 11 de marzo de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 25 de marzo).

En cumprimento do sinalado na Orde do 11 de marzo (DOG do 25 de marzo) pola que se convoca proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro.-Nomear os tribunais que figuran no anexo I, ante os que deberán actuar os aspirantes admitidos/as á realización da proba do proceso selectivo.

Os tribunais constituiranse dentro do prazo máximo de 10 días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, e darán conta de forma inmediata da súa constitución á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

As/os presidentas/presidentes tomarán as medidas necesarias para a constitución dos tribunais no prazo indicado.

Segundo.-Nomear as/os presidentas/presidentes das comisións de selección que figuran no anexo II.

As comisións constituiranse no prazo de corenta e oito horas desde que se constitúan os tribunais.

Terceiro.-No *Diario Oficial de Galicia* publicaranse as resolucións das/dos presidentas/presidentes dos tribunais, polas cales se citan as/os opositoras/es para o acto de presentación e da primeira parte da proba prevista na base novena da convocatoria. Non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de celebración das restantes partes da proba no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, o tribunal deberá facer públicos estes anuncios nos locais en que se realizaron as probas anteriores, con 24 horas como mínimo de antelación.